

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019-2020

CENTRO: CEIP MESON DO VENTO
CURSO: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º E 6º E.P.
MATERIA: MÚSICA
DATA: 4/05/2020

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

| 1. Estándares de aprendizaxe e criterios imprescindibles 1º CURSO | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural. | EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz. |
| B1.2. Manter unha actitude de respecto e de escoita activa. | EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións. |
| B1.4. Comunicar utilizando un vocabulario adecuado ás sensacións e ás impresións sentidas na audición. | EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel. |
| B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando materiais como fonte de son. | EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados. |
| B2.2. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación. | EMB2.2.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas. |
| B2.3. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento. | EMB2.3.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas. |
| B3.1. Realizar pequenas coreografías | EMB3.1.2. Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas. |
| | |
| | |

| 1. Estándares de aprendizaxe e criterios imprescindibles 2º CURSO | |
|---|--|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural. | EMB1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave. |
| B1.4. Comunicar as sensacións e as impresións sentidas na audición, utilizando un vocabulario adecuado. | EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel. |
| | EMB1.4.3. Coñece e respecta as normas de comportamento básicas en concertos e outras representacións musicais. |
| B1.6. Recoñecer e clasificar algún instrumento por familias instrumentais. | EMB1.6.1. Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias. |
| B2.3. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación. | EMB2.3.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas. |
| B2.4. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento. | EMB2.4.4. Elixe e combina ostinatosrítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía. |
| B3.1. Realizar pequenas coreografías. | EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música. |
| | |
| | |

| 1. Estándares de aprendizaxe e criterios imprescindibles 3º CURSO | |
|--|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas. | EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical. |
| B1.4. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical. | EMB1.4.1. Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela. |
| B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical. | EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento. |
| B2.2. Explorar estruturas musicais e seleccionar e combinar ideas musicais dentro de estruturas sinxelas entre varias dadas, co obxectivo de crear un produto musical propio individual ou grupal. | EMB2.2.2. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo. |
| B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza. | EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social. |
| | |
| | |

1. Estándares de aprendizaxe e criterios imprescindibles 4º curso

| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
|--|---|
| B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura e doutras culturas. | EMB1.1.3. Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. |
| B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen. | EMB1.3.3. Identifica, clasifica e completa os compases traballados |
| B1.4. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, amosando interese por coñecer instrumentos doutras culturas. | EMB1.4.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos. |
| B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, así como valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora. | EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras. |
| | EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento. |
| B2.2. Explorar estruturas musicais e seleccionar e combinar ideas musicais dentro de estruturas sinxelas entre varias dadas, co obxectivo de crear un produto musical propio, individual ou grupal. | EMB2.2.2. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo. |
| B3.2. Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas. | EMB3.2.3. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas. |
| | |
| | |

1. Estándares de aprendizaxe e criterios imprescindibles 5º curso

| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
|---|---|
| B1.1. escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relacións existentes, e facer unha valoración posterior. | EMB1.1.4. Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. |
| B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describir os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen. | EMB1.3.4. Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados. |
| B1.4. Procurar e seleccionar información co fin de planificar e organizar visitas culturais e a asistencia a espectáculos, festas, accións na rúa, festivais e concertos, así como intercambiar esa información co fin de contribuír á formación e á satisfacción persoal e colectiva, e encher o tempo de lecer. | EMB1.4.2. Planifica o traballo respectando as ideas e as contribucións das demais persoas. |
| B1.5. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, e identificar as principais características de instrumentos doutras culturas. | EMB1.5.2. Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos). |
| B2.1 Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora. | EMB2.1.4. Fai avaliación da interpretación amosando interese e esforzo por mellorar |
| B2.2. Participar en producións musicais sinxelas de xeito desinhibido e pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas, mostrando actitudes de respecto e colaboración. | EMB2.2.3. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo. |
| B3.3. Improvisar en grupo danzas e movementos rítmicos sobre temas fixados con anterioridade ou con sons extraídos do contexto, expresando sentimentos e sensacións, e explicar con claridade as decisións tomadas ao longo do proceso de creación, as dificultades atopadas e as solucións adoptadas. | EMB3.3.2. Colabora co grupo en coordinación e con respecto cara ás demais persoas. |
| | |
| | |

| 1. Estándares de aprendizaxe e criterios imprescindibles 6º curso | |
|--|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son, de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias | EMB1.1.1. Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso. |
| B1.2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen. | EMB1.2.1. Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas. |
| B2.2. Interpretar composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando tanto as achegas das demais persoas como a persoa que asuma a dirección. | EMB2.2.4. Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento |
| | EMB2.2.6. Amosa respecto polo traballo das demais persoas e responsabilidade no traballo individual e colectivo. |
| | EMB2.2.7. Analiza as interpretacións feitas, recoñece erros e amosa interese por traballar para corrixilos. |
| B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorar a súa achega ao patrimonio, e gozar coa súa interpretación como unha forma de interacción social. | EMB3.1.2. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas. |
| | EMB3.1.5. Inventa coreografías de grupo que corresponden coa forma interna dunha obra musical e supón unha orde espacial e temporal. |
| | |
| | |

2. Avaliación e cualificación

| | |
|----------------------------|---|
| Avaliación | <p>Procedementos:</p> <p>Tendo en conta o estado de Alarma decretado polo goberno con motivo da pandemia do COVID-19 e que non hai clases presenciais, faise necesario adaptar os procedementos de avaliación. A avaliación terá carácter continuo e global. que consistirán en:</p> <ul style="list-style-type: none">• Análise das producións do alumnado• Intercambios orais co alumnado |
| | <p>Instrumentos:</p> <p>Traballos individuais (resolución de cuestionarios en relación a un vídeo ou texto, práctica da peza de fruta que vimos na aula, realización de bailes, exercicios de audición ou de ritmo mandados a través dos retos de Ardemiro, envío de fotos ou vídeos referentes a unha tarefa...)</p> <p>Producións orais (a través de vídeos ou audios)</p> <p>Cuestionarios/Formularios</p> |
| Cualificación final | <p>Ao final de curso considérase que o/a alumno/a pode promocionar cando logre os estándares e competencias imprescindibles que deben desenvolver en función da súa etapa, curso ou área.</p> <p>Para o cálculo da cualificación final terase en conta a cualificación obtida no terceiro trimestre, que se baseará nas aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso así como sobre as actividades de reforzo e recuperación.</p> <p>A promoción de curso será a norma xeral, considerándose a repetición de curso unha medida moi excepcional.</p> |

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

| | |
|----------------------------------|--|
| Actividades | <p>Realízanse actividades de recuperación, repaso e reforzo .</p> <p>Xenéricas</p> <ul style="list-style-type: none">○ Que poidan ser realizadas pola xeneralidade do alumnado, que sexan o máis universais posible, tendo en conta que na nosa comunidade educativa pode haber grandes diferenzas entre familias en canto a recursos tecnolóxicos ou humanos .○ Posibilidade de incluír contidos audiovisuais que supoñan unha descarga de arquivos nas tarefas de reforzo que se están a mandar sempre e cando este sexa un recurso complementario e non revisable. Así mesmo posibilidade de incluír vídeos para a realización de tarefas revisables sempre e cando estes non excedan de 5 minutos de duración e se garanta que a información chega ao alumnado con máis dificultades de conectividade mediante outras opcións .○ Evitando o uso de libros de texto pois debido á urxencia da medida de suspensión tomada a última hora da mañá do día 12, o alumnado non levou “todo” o material para ás casas, (libreta/carpetas, fruta) aclarar que na materia de música xa non se empregaban libros de texto.○ Evitando que as familias teñan que imprimir xa que entendemos que non todas as familias dispoñen de impresora <p>- Consensuadas:</p> <ul style="list-style-type: none">○ Procurarase que a cantidade de actividades que deseño sexa proporcional ao número de horas lectivas da materia. <p>- Globalizadoras e interdisciplinares</p> <ul style="list-style-type: none">○ Deseño actividades globalizadas e en cooperación principalmente coa materia de Educación física mediante os Ardemiro’s Games. <p>- Temporalización:</p> <ul style="list-style-type: none">○ Propoñense actividades semanais |
| Metodoloxía (alumnado con | <ul style="list-style-type: none">● Reunións do profesorado empregando a plataforma Cisco Webex para a realización de vídeo |

| | |
|--|--|
| conectividad e sen conectividade) | <p>conferencias</p> <ul style="list-style-type: none"> • Coordinación dos equipos docentes para tratar de flexibilizar os plans de traballo coidando de non penalizar ou afectar ao benestar do alumnado sen sobrecargalo de tarefas excesivas e na temporalización das tarefas do alumnado. • Coordinación para a elaboración de tarefas globalizadoras e interdisciplinares (estouno levando a cabo principalmente en cooperación con E.F) • Pautas para o emprego de ferramentas (en función das características das actividades) comúns para a formación a distancia • Busca de solucións e alternativas ante dificultades que poidan xurdir referidas á conectividade. • Adaptación das titorías á nova situación mediante contacto individualizado coas familias a través de chamadas telefónicas ou vídeo chamadas que permiten tamén interactuar co alumnado, e de correos electrónicos. • Seguimento específico para o alumnado con neae, coordinado dende o Departamento de Orientación: elaboración de material adaptado, organización de horarios para a realización de chamadas ou vídeo chamadas coas familias... • Seguimento do alumnado de apoio educativo tamén coordinado dende o Departamento de Orientación a través da organización de entrevistas coas familias e seguimento por parte do profesorado de PT, AL e do programa específico que están a levar a cabo para estes alumnos. |
| Materiais e recursos | <p>Medios telemáticos empregados:</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ Páxina web do Centro ○ Correo electrónico (o meu correo da xunta) ○ Emprego de carpetas compartidas a través do google drive co mestre de Educación física para a coordinación das actividades dos retos de Ardemiro. ○ Teléfono ○ Aplicacións de mensaxería instantánea (para a realización de vídeo chamadas) e abalar móvil (para mandar notificacións aos pais) |

- | | |
|--|--|
| | <ul style="list-style-type: none">○ Aplicacións para video conferencia (Cisco webex para o profesorado/alumnado)○ Ordenador○ Tablet |
|--|--|